

ACTA N.º 01 / 2020

SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Mércores ,04 de MARZO de 2020
HORA	17:00 horas
LUGAR	Salón de plenos do Pazo Provincial de San Marcos (Lugo)
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: PABLO JOSÉ TABOADA CAMOIRA (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE) • GRUPO PROVINCIAL BNG. TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN (TITULAR) • MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA: ALFREDO LLANO GARCÍA (TITULAR). • ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NA PROVINCIA DE LUGO: ÁNGEL TRABADA GÓMEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO - APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: LUÍS S. FERNÁNDEZ DÍAZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE) • XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	1/16




	<ul style="list-style-type: none"> • PRESIDENTE: JOSÉ TOMÉ ROCA - AUSENTE • CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUÍS FERNÁNDEZ GUITIÁN (TITULAR) - AUSENTE • VICERREITORADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CAMPUS DE LUGO: JESÚS VARELA ZAPATA (TITULAR) – AUSENTE. • ASOCIACIÓN GALEGA DE AXENCIA DE VIAXES- AGAVI: JUAN ANTONIO RIBADULLA FERNÁNDEZ (TITULAR) - AUSENTE. • ASOCIACIÓN GALEGA DE PROPIEDADE BALNEARIA – BALNEGAL: ANTONIO GARALOCES PAZ (TITULAR) - AUSENTE. • AUXILIA: AQUILINO GONZÁLEZ ÁLVAREZ (TITULAR) – AUSENTE. • EXPERTO NO ÁMBITO UNIVERSITARIO: MIGUEL PAZOS OTÓN – AUSENTE. • AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA – SEN DESIGNACIÓN • ASOCIACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS DA PROVINCIA DE LUGO - ACUL – SEN DESIGNACIÓN
--	--

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 28 de novembro do 2019.
- 2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2019.
- 3.-Solicitude de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.
- 4.- Solicitude de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera Terras do Miño.
- 5.- Proposta de modificación das datas do réxime de sesións.
- 6.- Plan de traballo para o ano 2020.
- 7.-Rogos, preguntas e propostas.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	2/16



DESENVOLVEMENTO

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 28 de novembro do 2019.

No Pazo Provincial de San Marcos ás 17:00 horas, toma a palabra dona Pilar García Porto, dando a benvinda aos membros do Consello de Turismo e cedéndolle a palabra ao Secretario, Don José Antonio Mourelle Cillero, quen procede a comprobar a identidade dos asistentes mediante chamamento.

Despois de ler o primeiro punto da orde do día, a vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo pregunta aos asistentes se tiveron acceso á acta e hai algún problema para a súa aprobación. Ao non producirse ningunha cuestión relativa procédese á votación:

Votos a favor: 12 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Pablo José Taboada Camoira, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Alfredo Llano García, Ángel Trabada Gómez, José Francisco Real Castro, Luís S. Fernández Díaz, Mónica Díaz Jublín, Francisco Xabier Almuíña Chorén e Mercedes Lamela López)

Abstencións: 1 (José Jesús Novo Martínez)

Quedando aprobada a acta da sesión extraordinaria do 28 de novembro do 2019.


2.- Dación de conta das principais accións realizadas polo Servizo de Turismo ao longo do ano 2019.

Toma a palabra a Vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo, dona Pilar García Porto indicando que entre a documentación que se lles achega está unha memoria de actuacións das principais accións levadas a cabo ao longo do 2019 por parte da Área de Turismo da Deputación Provincial de Lugo.

Continúa indicando que ao comezo da memoria hai unha relación de todas elas e, de seguido, unha descrición das mesmas.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	3/16



Empezando pola colaboración na promoción das Exaltacións Gastronómicas que se organizaron coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo e se levaron a cabo ao longo de nove meses nas que participaron preto de 50 restaurantes dun total de 22 concellos. O fin destas xornadas foi promocionar e poñer en valor produtos senlleiros da nosa gastronomía e da nosa provincia que aparecen relacionados na memoria, ata acadar as 21 Denominacións de Orixe Protexidas e as Indicacións Xeográficas Protexidas.


Sinala que outra das actuacións levadas a cabo durante o ano 2019 foron as desenvoltas coa Universidade de Santiago de Compostela a través do Campus de Lugo. Dende a área colaborouse con accións desenvoltas no xeodestino Ancares – Courel entre os que se destaca o II BioBlitz Ancares – Courel que tivo lugar no mes de xuño e tiña como fin a realización dun inventario biolóxico coa finalidade de obter o maior número de identificacións e citas da flora, fauna e microbiota en varios espazos representativos desta zona, ademais de apoiar a segunda edición da Festa da Cantarela.

Engade que tamén se fixo unha promoción da provincia a través da celebración do Día Mundial do Turismo que tivo lugar no Xeoparque Montañas do Courel co fin de impulsar este novo destino que está destacando na provincia. Para iso levouse a cabo un percorrido pola ruta da Cubela acompañando aos nenos e nenas do CEIP San Clodio para poñer en valor este territorio nomeado recentemente Xeoparque pola Unesco e que se estende, como vostedes saben, polos concellos de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel, intentando resaltar e destacar entre a poboación infantil a importancia do patrimonio natural como elemento dinamizador e recurso turístico provincial de primeiro orde.

Menciona que se desenvolveron as rutas fluviais que levan máis de vinte e cinco anos de percorrido por parte desta Deputación Provincial cun servizo que discorre polas rutas dende o Miño por Belesar e dende o Sil polo embarcadoro de Ponte do Sil. Ao longo do ano 2019 foron máis de 62.000 persoas as que empregaron algún dos catamaráns que se puxeron a disposición dos viaxeiros

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	4/16



por parte da Deputación de Lugo, o que supuxo un incremento dun 5% con respecto á tempada anterior e que significa un impulso importante para todos os establecementos turísticos da zona.

Indica que se realizaron actividades vinculadas co turismo científico no territorio de Ancares – Courel, entre as que se desenvolveron accións dirixidas ao público en xeral para dar a coñecer e por en valor a riqueza ambiental do territorio. Estas actividades foron totalmente gratuítas, e celebráronse entre os meses de maio e agosto do 2019. Sinala que na memoria están detalladas todas e cada unha das accións que se levaron a cabo e, a cifra destacable, é que un total de 118 persoas participaron nas actividades achegándose, un pouco máis se cabe, ao potencial turístico e natural deste territorio podendo descubri-lo, ademais de primeira man.


Continúa expoñendo que no ano 2019 comezamos coa implementación e a posta en marcha dunha app de turismo intelixente que foi amosada no Consello de Turismo da última edición e presentada en Fitur. Trátase dunha ferramenta útil onde os viaxeiros poden atopar máis de 2.600 recursos do territorio entre os que se atopa o patrimonio arquitectónico, recursos naturais, rutas de sendeirismo, artesáns, aloxamentos, restaurantes ou festas de interese turístico. A maiores, dende a páxina web de Turismo da Deputación de Lugo, ofrécense viaxes xa deseñados dos 67 concellos da provincia e dos catro xeodestinos para facer a experiencia máis doada. Apostamos polas novas tecnoloxías que tamén será unha tendencia no ano 2020 no que nos atopamos, pretendemos facer máis atractivo os destinos da nosa provincia e máis accesible a unha gran parte do público.

Tamén se comezou a traballar nunha app de imaxes en 360 grados que se comezou no ano 2019 e poñerase a disposición do público agora no 2020, a través desta aplicación trasladaremos de xeito virtual a 25 recursos monumentais e paisaxísticos da provincia pertencentes aos catro xeodestinos.

Comenta que as rutas de turismo científico en Ancares – Courel tamén contan coa posta en marcha dunha app propia adaptada para sistema Android.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	5/16



Continúa facendo una exposición do que significou o impulso das accións promocionais a través da redes sociais de Turismo da Deputación de Lugo xa que, ao longo do 2019, seguíronse empregando como elemento de divulgación da provincia e tamén dos seus recursos. En Twitter incrementáronse o número de seguidores nun 27,40% ata acadar os 2.450 en xaneiro deste ano e os 830 chíos publicados obtiveron preto de 903.400 impresión. Sinala que en Instagram chegou a 1.371 seguidores e sabemos que a súa orixe está principalmente en Lugo, Coruña, Santiago, Vigo e Madrid e cunha idade media, que nos dá unha imaxe de a que público nos diriximos, está entre os 25 e 44 anos e de sexo feminino, nun 62%. No Facebook acadáronse os 11.421 seguidores da páxina de Turismo que teñen a súa orixe maioritariamente en Galicia, Madrid, e Barcelona e con presenza importante de persoas de nacionalidade portuguesa e arxentina, cunha idade media comprendida entre os 34 e os 44 anos e maioritariamente do xénero feminino.

Sinala que se realizaron campañas audiovisuais por parte deste Servizo cunha serie de vídeos en galego e castelán de curta duración sobre os catro xeodestinos da provincia que Lugo baixo o lema “Lugo Cambia: Valo perder?” para a súa difusión a través de redes e nas feiras de turismo nas que asistimos con strand propio.


Menciona que tamén hai un plan de promoción off line coa organización dunha exposición fotográfica do artista Pradero denominada “Meridiano 7, 30º Oeste” que se puido contemplar na Sala de Exposicións do Pazo Provincial como no Concello de Burela. Trátase dunha colección de 35 fotografías sobre a paisaxe e a vida dos traballadores do mar, un elemento que resulta vital para o turismo na provincia e que é preciso promocionar dende outros puntos de vista.

Insiste na participación en feiras referentes no sector turístico ao longo do 2019:

-FITUR 2019, onde se presentou a campaña promocional “Lugo, moito por celebrar”

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	6/16



- XANTAR 2019, feira do turismo gastronómico referente no noroeste. O organismo provincial tivo oportunidade de mostrar a súa potencialidade gastronómica.
- FAIRWAY 2019, participamos na segunda edición desta feira bianual adicada en exclusiva aos Camiños de Santiago.
- EXPOCIDADES 2019. Esta feira de promoción turística das vilas pertencentes ao Eixo Atlántico que se celebra cada dous anos tivo a súa sede en Braga.
- EXPOVACACIONES 2019. No ano 2019, a Deputación de Lugo participou, por primeira vez, no Salón Turístico EXPOVACACIONES que ten lugar cada ano en Bilbao, cun grande acollemento da nosa provincia por parte do turista vasco, perfil que interesa atraer ao noso territorio
- TERMATALIA 2019. Feira Internacional do Turismo Termal que se celebrou en Ourense. A provincia mostrou a súa riqueza termal.


Comenta que , xa noutro tipo de traballo, se asiste a diversos foros sectoriais como o do Eixo Atlántico, a Mesa do Camiño de Santiago ou a Vía Rexia do Norte a través de reunións con estas organizacións de interese para o sector turístico.

Sinala que tamén se difundiu a provincia en medios de comunicación, impulsando campañas publicitarias para dar a coñecer os recursos existentes na nosa provincia a través de medios xeneralistas e de medios especializados. Entre os máis destacados, continua, a Edición Especial para o ano 2020 publicada en decembro do 2019 de El Viajero de El País; reportaxes na Revista Galega de Hostalaría, monográficos sobre xeodestinos en Viajar con Hijos e Turismo Rural con Hijos, campaña especial con motivo da ponte da Constitución en diversos xornais a nivel autonómico ou anuncios en revistas especializadas como La Alacena Roja.

Continua indicando que xa no ano pasado, e co gallo do bicentenario do Museo Nacional del Prado, a Deputación de Lugo cedeu a esa institución o uso dun abeto de nadal que era a primeira vez que esta institución accedía a facer unha campaña deste tipo. A árbore estivo situada na porta de Goya do edificio dende o 17 de decembro ao 10 de xaneiro do 2020. Este acto conseguiu dar

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	7/16



visibilidade e serviu de promoción do territorio, xa que en todo momento o abeto lucía unha placa coa súa orixe e, nos mostradores do Prado e para todo o público, houbo material de promoción e difusión da nosa provincia chegando así, a un amplo público.

Menciona tamén que se participou nunha guía de termalismo do Eixo Atlántico que é unha nova oportunidade para poñer en valor a realidade termal da nosa provincia, a través dun manual que lle chegará ao público residente na Eurorexión mediante a súa distribución dos xornais e nos puntos de atención ao visitante nos vindeiros días.

Sinala tamén que se levaron a cabo a aprobación das bases dos Premios Provinciais de Turismo no Consello de Turismo e se participou na promoción da nosa provincia a través da presenza no Dakar con un dos participantes nesta proba levando a marca Lugo Cambia na súa moto.

Finalmente sinala que no informe achegado vén detallado as subvencións nominativas e excepcionais que acadaron os preto dos 370.000 Euros ou o Plan Único da Deputación de Lugo que acadou cerca de 260.000 Euros.

Finaliza sinalando que no informe teñen toda a información sinalada e que poden recorrer ao servizo de turismo para calquera aclaración que precisen.

3. -Solicitud de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.


4. -Solicitud de adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Iníciase o punto sinalándose por parte de dona Pilar García Porto que se trata de dous puntos similares que, se ninguén ten nada que obxectar, podemos tratar de xeito conxunto.

Como saben, continúa, a nosa provincia conta con un amplo territorio de Reservas da Biosfera destacando estas dúas que acabamos de nomear. No caso

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	8/16



da primeira, Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ocupa unha superficie de 53.664 hectáreas e abarca o territorio de tres municipios: Cervantes, Navia de Suarna e parte do de Becerreá e ten como obxectivo acadar un modelo de desenvolvemento sostible para o territorio que compatibilice a protección dos recursos naturais coas actividades económicas e o desenvolvemento da poboación, integrándose con outras políticas de protección da natureza e usos do solo e outros recursos.

O turismo, como non pode ser doutro xeito, é unha das accións que xera unha notable rendibilidade económica e social dende hai décadas neste territorio e o valor natural, paisaxístico e cultural destas montañas convérteas nun destino idóneo para o turismo de natureza e o aire libre abranguendo un amplo abano de actividades dende as deportivas ata as meramente recreativas ou contemplativas.


Menciona que, dentro do Plan de Acción da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, ao igual que acontece na de Terras do Miño, da que logo lles falarei, contéplanse diferentes liñas de acción que fan alusión ao turismo e nas que se abordan o desenvolvemento de actividades turísticas, de recepción de visitantes baixo programas de calidade sempre buscando un turismo sostible de forma coherente co obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na estratexia do programa MAP 2015 - 2025.

Continúa sinalando que isto tamén acontece na Reserva de Biosfera Terras do Miño que é a máis grande de Galicia, contando con 363.668,9 hectáreas de extensión na que se inclúen 26 municipios. Os seus obxectivos son similares aos que acabamos de compartir e, tanto unha como a outra, son órganos de participación que pertencen á Deputación Provincial de Lugo e que neste momento nos piden a adhesión ao Consello de Turismo.

Engade, dona Pilar García Porto que nós somos conscientes de que, tal e como está recollido no regulamento deste Consello, temos un carácter aberto e previa solicitude poderán incorporarse novas vogalías en representación de

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	9/16



institucións ou colectivos a nivel provincial e o pleno correspóndelle a súa aceptación ou denegación. Sinala que somos conscientes que non teñen entidade xurídica propia xa que pertencen á propia Deputación de Lugo pero si é certo que recollen a sensibilidade de moitos dos colectivos desas zonas e comarcas incluso dos Concellos que, a través dos órganos de participación e do órganos reitores, fan achegas vinculadas plenamente ao eido turístico e isto é o que vamos a someter a súa votación para ver se lle damos cabida ou non dentro deste Consello Provincial de Turismo.

Toma a palabra dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón indicando que non entende as solicitudes dado que, efectivamente, a presidenta do Consello sinalou que non teñen personalidade xurídica propia, está xa integrado na propia Deputación Provincial de Lugo, o presidente do órgano reitor é o propio presidente desta entidade polo tanto non sabe que sentido ten cando estes dous colectivos teñen canles totalmente directos coa propia administración e a propia responsable da área de turismo. Reitera que non entende o motivo desta solicitude nin que pode achegar que participen neste Consello.

Pide a palabra dona Mónica Díaz Jublín indicando que, de feito, temos antecedentes xa que nun Consello anterior á asociación Proturgra denegóuselle o acceso tendo en conta que xa estaba representada a través do Clúster de Turismo e a Asociación de Axencia de Viaxe.


Toma a palabra don Pablo José Taboada Camoira comentando que, sen facer de menos o interese da Reserva da Biosfera dos Ancares ou da de Terras do Miño, opínamos o mesmo: que ao estar integrados no propio organismo provincial están plenamente representados.

Pide a palabra don Ángel Trabada Gómez sinalando que dende a Asociación Provincial de Amigos do Camiño de Santiago fórmulanse a mesma pregunta, se se trata de órganos que xa pertencen á Deputación xa estarían representados polo que cren que non é necesario que estean aquí.

Indica dona Pilar García Porto que, para aclarar as dúbidas, isto responde a aprobación que fixeron os propios órganos da Reserva da Biosfera, non é unha

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	10/16



proposta que se faga dende outro lado. Estas entidades teñen un órgano de xestión, outro reitor e un máis de participación; en dúas sesións, no caso das Reservas da Biosfera dos Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá celebrada o pasado 16 de novembro acordaban solicitar a adhesión ao Consello Provincial de Turismo e na sesión celebrada o 17 de decembro acordaba a Reserva da Biosfera Terras do Miño. Propuxérono, insiste, dando traslado a este Consello onde, cos votos, decidírase a entrada ou non. Había que introduci-lo na orde do día para sometelo a consideración, entendendo, pola nosa parte, que non teñen entidade xurídica propia pero comprendendo o carácter aberto e participativo deste órgano que non deixa de ser meramente consultivo a nivel provincial. Este, menciona, tamén é un órgano de consulta e participación.

Toma a palabra, don José Francisco Real Castro recordando que, na primeira sesión, dérase marcha atrás a incorporación de Proturga ao estar integrada no Clúster de Turismo e que entón hai un precedente. Ao estar representados, non se lle admitiu a adhesión.

Responde dona Pilar García Porto comentando que o do precedente entendémolo pero sigue insistindo no que significan as Reservas da Biosfera e o carácter aglutinador que teñen de axentes sociais e económicos vinculados a eses territorios. Insiste que a decisión é do Consello de Turismo que é un órgano de participación e consulta.


Procédese a votación para a adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Votos a favor: 7 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Alfredo Llano García, Francisco Xabier Almuíña Chorén, Luís S. Fernández Díaz e Mercedes Lamela López)

Votos en contra: 6 (Pablo José Taboada Camoira, José Jesús Novo Martínez, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, José Francisco Real Castro, Ángel Trabada Gómez, e Mónica Díaz Jublín)

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	11/16



Abstencións: 0

Por tanto, admítese a adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Procédese a votación para a adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Votos a favor: 7 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Alfredo Llano García, Francisco Xabier Almuíña Chorén, Luís S. Fernández Díaz e Mercedes Lamela López)

Votos en contra: 6 (Pablo José Taboada Camoira, José Jesús Novo Martínez, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Ángel Trabada Gómez, José Francisco Real Castro e Mónica Díaz Jublín)

Abstencións: 0


Por tanto, admítese a adhesión ao Consello Provincial de Turismo da Reserva da Biosfera de Terras do Miño.

5.- Proposta de modificación das datas do réxime de sesións.

Toma a palabra dona Pilar García Porto indicando que, como todos vostedes coñecen, hai unhas datas fixadas para a celebración do Consello de Turismo que resultan bastante ríxidas á hora de celebrar os plenos. A proposta que traemos ten como fin unha mellor adaptación ao funcionamento da propia institución ademais de ofrecer unha flexibilidade en canto á participación dos membros e tamén co afán de non alterar moito a situación que se viña dando ao cambiar un día fixo por un número determinado de días que nos permita maior flexibilidade.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	12/16



Indica que as datas que se propoñen para a celebración son a segunda quincena do mes de febreiro e outro na primeira quincena do mes de decembro, manténdose o prazo de convocatoria con oito días de antelación.

Procédese a votación para modificación das datas do réxime de sesións.

Votos a favor: 13 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Pablo José Taboada Camoira, José Jesús Novo Martínez, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Alfredo Llano García, José Francisco Real Castro, Ángel Trabada Gómez, Luís S. Fernández Díaz, Mónica Díaz Jublín, Francisco Xabier Almuíña Chorén e Mercedes Lamela López).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Quedando aprobada a modificación das datas do réxime de sesións para a segunda quincena do mes de febreiro e outro na primeira quincena do mes de decembro.


6.- Plan de traballo para o ano 2020.

Toma a palabra dona Pilar García Porto, neste punto preténdese dar unha visión das liñas de traballo xerais do que vai a ser o plan de traballo para o ano 2020, sendo conscientes de que nos atopamos no mes de marzo e moitos dos proxectos que se van a desenvolver ao longo de todo o ano son, a día de hoxe, unha previsión sobre todo cando moitos dos mesmos non dependen unicamente de nós.

Entre as principais liñas de traballo, continúa, que quixéramos destacar está a actualización e encargo de material propio para a promoción da provincia de Lugo entendido como todo o material de promoción, difusión e merchandising propio da institución provincial que, cada ano, tratamos de actualizar unha vez se remate o material xa existente para non entrar nun gasto innecesario.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	13/16



Sinala que tamén se ten a previsión de continuar avanzando na sinalización intelixente da provincia de Lugo que, como todos vostedes saben, comezaba con un plan piloto para a cidade de Lugo que, como xa coñecerán, sufriu a interrupción do contrato por prazo máximo dun ano xa que precisamos avanzar co propio concello de Lugo nun traballo directo entre técnicos para consolidar a obtención das autorizacións necesarias para poder situar todas as sinais.


Indica que tamén se vai traballar ao longo desta anualidade na intensificación da presenza nos medios dixitais e a través das redes sociais para incrementar a visibilidade do conxunto da provincia. Queremos seguir avanzando nesta era dixital na promoción de Lugo con aquelas ferramentas que lle son máis útiles ao viaxeiro de hoxe en día onde viaxamos cun teléfono na man, cun móbil e cremos co traballo con ese tipo de dispositivos con diferentes aplicacións o mesmo co deseño dalgunha aplicación na propia web que permita acceder e coñecer de primeira man todos aqueles eventos que poidan acontecer na provincia e que sexan susceptibles de acollerse a un traballo que se poida facer dende a área de turismo así o poidan facer e coller maior forza.

Tamén, continúa, que estamos a expensas de elaborar un plan de formación coa Asociación de Guías Oficiais de Turismo. Trátase dunha acción dirixida a profesionais que cremos que é necesaria para que poidan desenvolver, con maior eficiencia, as súas tarefas diarias.

Menciona que, na presenza en feiras, de xeito moi resumido indícase que ata o día de hoxe xa participamos en dúas delas en FITUR e tamén en Xantar. Na primeira o éxito foi amplo de participación, tanto in situ como o interese que suscitamos entre os diversos medios de comunicación especializados quen, a día de hoxe, aínda se están poñendo en contacto coa Área de Turismo para ofrecernos as súas páxinas ou plataformas para facer a promoción desta provincia. A maiores destas dúas feiras, temos confirmada para a FIT de A Guarda (un público potencialmente importante para a provincia de Lugo o mercado portugués) e estamos á espera de convites para outras feiras pendentes de datas e de confirmación de orzamentos entre as que se atopan a

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	14/16



de Silleda ou Expovacaciones pendentes, en todo caso, co que poida acontecer coa expansión do coronavirus.

Sinala que tamén hai unha previsión para desenvolver accións singulares como poden ser xornadas e diferentes actividades destinadas a promocionar a riqueza medioambiental, con todos os recursos turísticos que isto ten para a nosa provincia e para o seu desenvolvemento incluso na fixación de poboación no medio rural.

Engade que se vai poñer en marcha, xa para esta Semana Santa, e así o imos promocionar nos vindeiros días as rutas de catamaráns tal e como se viñan celebrando ata o de agora no río Miño e no Sil, dende Belesar e Ponte do Sil.

Finalmente comenta que iremos traballando nos avances das principais liñas de actuación do Plan Estratéxico de Turismo que se pecha este ano.


7.-Rogos, preguntas e propostas

Toma a palabra dona Pilar García Porto sinalando que falta un punto por aclarar sobre as bases do Premios Provinciais de Turismo que se tiñan aprobadas no último Consello de Turismo. Nas mesmas había unha proposta na que nos cinguíamos en datas ao 28 de febreiro; nós o que propoñemos é desvinculalo dunha data concreta, o único que queremos é que se celebren nesa anualidade e este ano estaríamos en disposición de publicar as bases da convocatoria agora no mes de marzo.

Cremos, continúa, que debíamos modificar o prazo que se daba para a presentación das candidaturas, ampliando a 45 días naturais a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, polo que estaríamos falando que, dende mediados de xuño poderían estar todas presentadas e, cara finais dese mes revisadas para poder convocar un Consello Extraordinario e así valorar todas as candidaturas que concorren e outorgar eses premios.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	15/16



Estas propostas de modificacións pódena atopar na páxina 4 e o que varía con respecto ás bases anteriores desvinculándoas desa data de 28 de febreiro e ampliando os días para o prazo de presentación ata un total 45 días naturais e tendo, como calendario previsto, a posibilidade de celebrar un Consello de Turismo Extraordinario a finais do mes de xuño e poder así entregar os premios antes de que rematen o ano á volta do verán. Isto tamén o sometemos a súa votación.

Procédese a votación da modificación das bases dos Premios de Turismo:

Votos a favor: 13 (Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, Pablo José Taboada Camoira, José Jesús Novo Martínez, Tareixa Antía Ferreiro Tallón, Alfredo Llano García, Ángel Trabada Gómez, José Francisco Real Castro, Luís S. Fernández Díaz, Mónica Díaz Jublín, Francisco Xabier Almuíña Chorén e Mercedes Lamela López).

Votos en contra: 0

Abstencións: 0

Quedan aprobadas as modificacións propostas.

Non habendo preguntas, dáse por finalizada a sesión do Consello de Turismo, sendo as 17:55 horas.

V. e pr.
A Vicepresidenta
do Consello Provincial de Turismo

O Secretario

Pilar García Porto

José Antonio Mourelle Cillero

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

Código Seguro de Verificación	IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Fecha y Hora	17/04/2020 08:59:03
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV66ZXAT3TRZISHOSVQBK4JBKY	Página	16/16

